

## REGULAMENTO PARA A UTILIZACIÓN DOS LOCAIS EXISTENTES NAS CASAS DE CULTURA E LOCAIS PARROQUIAIS.

### DISPOSICIÓN PRIMEIRA. OBXECTO

#### Artigo 1.

É obxecto das presentes bases a definición, regulación e réxime organizativo interno dos edificios de titularidade municipal que son utilizados polas distintas asociacións rexistradas no Concello, e aqueles outros que poidan utilizarse para tal fin nun futuro, e que figuran no ANEXO I.

### DISPOSICIÓN SEGUNDA. OBXECTIVOS

#### Artigo 2.

Os obxectivos que persegue esta normativa son, con carácter xeral, os seguintes:

- Ofrecer cobertura ás estratexias de apoio e protección do movemento asociativo como elemento canalizador da participación cidadá.
- Fomentar o asociacionismo veciñal e a participación da cidadanía na vida social, a través de oportunidades de encontro e relación, poñendo á súa disposición as infraestructuras e os recursos municipais neste eido.
- Facilitar o acceso aos distintos colectivos ás actividades para mellorar a calidade de vida
- Ser punto de encontro e desenvolver no seu seo programas de actividades e servizos que promovan o benestar social, a animación comunitarias e a cultura.

### DISPOSICIÓN TERCEIRA. RÉXIME DE UTILIZACIÓN

#### Artigo 3.

O réxime de utilización das dependencias e servizos dos edificios culturais ten carácter administrativo e, polo tanto, as entidades quedan obrigadas a cumprir os requisitos e condicións establecidas nestas bases.

#### Artigo 4.

A autorización de uso dos locais obxecto do presente regulamento terá carácter precario.

O Concello establecerá o límite máximo dos gastos correntes que asumirá, media de gasto das últimas anualidades.



## **DISPOSICIÓN CUARTA. ASIGNACIÓN DE ESPAZOS E AUTORIZACIÓN DE USO**

### **Artigo 5.**

A asignación e autorización do uso dos espazos ou despachos destinados ás asociacións, é dicir, os locais das instalacións, será preferentemente para aquelas asociacións que se atopen inscritas no rexistro municipal de asociacións e, secundariamente, para os veciños/as censados/as en Vedra segundo o recollido no artigo 23.

A asignación outorgarase pola Xunta de Goberno Local.

### **Artigo 6.**

A entidade usuaria do ben e o persoal ao seu servizo non está en relación de dependencia respecto do Concello de Vedra como entidade cedente.

## **DISPOSICIÓN QUINTA. PRAZO DE UTILIZACIÓN**

### **Artigo 7.**

A utilización dos espazos culturais será para as organizacións usuarias dos mesmos mediante cesión para unha actividade concreta e ocasional e durante a súa celebración ou cesións por ano natural renovable, polo prazo máximo de dez anos.

As renovacións serán automáticas sempre e cando a asociación manteña actualizados os seus datos no RMA, segundo recolle o Regulamento de Participación Veciñal.

### **Artigo 8.**

Tres meses antes do esgotamento do prazo máximo, o Concello comunicarlle á entidade adjudicataria a necesidade de que se pronuncie sobre a disposición ou non de renovar a cesión.

### **Artigo 9.**

A precariedade desta cesión extínguese polos seguintes motivos:

- a) Por esgotamento do prazo sen terlle contestado ó Concello coa vontade expresa de renovación.
- b) Por devolución do ben por parte da Asociación.
- c) Por disolución da Asociación.

## **DISPOSICIÓN SEXTA. OBRIGAS DAS ENTIDADES AUTORIZADAS**

### **Artigo 10.**

Son obrigas das entidades adjudicatarias dos locais municipais as seguintes:

1. As entidades autorizadas ao uso dos locais comprométese a aceptar o presente regulamento.
2. A entidade beneficiaria destinará o local aos fins propios dos seus estatutos e aos fins de utilidade pública e de interese social, e nunca en defensa de interese ou profesionais.
3. Teñen a obriga de facer uso regular dos locais cedidos.



4. Manterán en bo estado de uso, conservación, funcionamento e decoro o inmovible.
5. Manterán relacións de boa convivencia co resto das entidades usuarias.
6. As entidades beneficiarias estarán obrigadas a desocupar o ben obxecto da autorización cando a cesión se dea por finalizada en función de calquera dos supostos establecidos nos artigos 9 e 13 do presente regulamento, e sen dereito a indemnización ningunha.
7. As entidades están obrigadas a comunicar ó Concello calquera eventualidade que poida dificultar o bo funcionamento do local.
8. As entidades están obrigadas a manter a debida actualización de datos no RMA segundo o establecido no Regulamento de participación veciñal.
9. O/A responsable en todo momento das chaves do local seá o presidente/a que figure como tal no RMA. As entidades comprométense a facer un uso responsable das chaves e a non distribuir máis copias das mesmas que as entregadas no momento da cesión polo Concello.
10. As entidades quedan obrigadas a restituirlle ó Concello calquera dano que pola súa causa se produza no inmovible.
11. As entidades coidarán da limpeza e mantemento dos espazos asignados, así como do traslados do lixo xenerado ós lugares sinalados para a súa recollida.

#### **DISPOSICIÓN SÉTIMA. EXTINCIÓN DA AUTORIZACIÓN**

##### **Artigo 12.**

No caso de extinción da autorización, a asociación beneficiaria porá a disposición do Concello o inmovible a través da entrega das chaves e previa inspección e recepción do local por parte do persoal do Concello.

##### **Artigo 13. Serán causa de extinción da autorización as seguintes:**

1. As expostas no artigo 9.
2. Por incumprimento das obrigas de actualización dos datos da Asociación no RMA, segundo o Regulamento de participación veciñal. Neste suposto as asociacións serán requeridas polo Concello se pasado o 1º trimestre do ano non realizaron a actualización correspondente, concedéndose un prazo de subsanación dun mes.
3. Por requerimento do Concello por terse destinado os locais a fins diferentes ós estatutos da asociación, ou por incumprimento do presente regulamento. Neste caso decidirá sobre o conflito unha comisión creada ao efecto na que haberá unha representación de todos os grupos políticos da corporación que tomará o acordo conforme ao sistema de voto ponderado e previa audiencia á asociación afectada.
4. Por incumprimento das súas obrigas coa Facenda Municipal no suposto de ter que restituir os danos ocasionados ó inmovible no prazo que se lle outorgue para a súa enmenda. En caso de conflito neste punto, decidírase da mesma forma establecida no apartado 3 deste artigo.
5. Pola falta de utilización do espazo cedido de forma continuada, sempre necesidade de locais. Este suposto tamén dará lugar ás garantías establecida deste artigo.



## **DISPOSICIÓN OITAVA. OBRIGAS DO CONCELLO**

### **Artigo 14.**

Son obrigas do Concello con respecto ás asociacións:

- a) Cumprir todo o establecido no presente regulamento respecto á cesión de uso, revogación do mesmo e garantías para as asociacións.
- b) Manter limpos os espazos de uso común das instalacións: aseos, corredores, salas de uso común e salóns de actos.
- c) Respetar a autonomía e independencia das asociacións, non podendo entrar nos locais cedidos salvo supostos de grave risco das instalacións ou incumprimento das obrigas propias da asociación, neste suposto previa comunicación á mesma e con cumprimento das garantías establecidas no artigo 9 e.

## **DISPOSICIÓN NOVENA. CONSERVACIÓN E SEGURIDADE DO CENTRO**

### **Artigo 15.**

O Concello de Vedra está obrigado a manter as casas onde se ubican os locais en adecuadas condicións de uso e seguridade, e a manter un seguro de responsabilidade civil que protexa calquera posible incidencia nos mesmos.

### **Artigo 16**

A entidade usuaria está obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade civil xeral, incluíndo a responsabilidade civil por danos que poida causar a entidade a terceiros, na súa condición de persoa usuaria da propiedade municipal, tendo en conta ao Concello coma un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ao local polos actos ou omisións de carácter negligente cun límite de indemnización mínima de 60.101,21 €.

### **Artigo 17.**

O Concello de Vedra non se responsabilizará da custodia dos materiais instalados ou almacenados nos respectivos despachos.

### **Artigo 18.**

Prohíbese terminantemente a almacenaxe de materiais perigosos, inflamables, tóxicos, explosivos, insalubres e en xeral todos aqueles que puidesen ocasionar risco ás adxudicatarias e público en xeral.

### **Artigo 19.**

Non estará permitido o almacenaxe de materiais ou produtos nos corredores ou espazos comúns do inmovible.

### **Artigo 20.**

A adxudicataria está obrigada a respectar todas as disposicións vixentes prevención de accidentes e incendios.

### **Artigo 21.**



Queda prohibido danar as instalacións, así como a realización de calquera obra que supoña a modificación da configuración do inmovible ou calquera tipo de alteración nas súas instalacións.

#### **Artigo 22.**

Calquera desperfecto ocasionado por negligencia das entidades adxudicatarias será aboada por estas. A contía do cargo por desperfectos e a súa xustificación serán establecidos polos Servizos Técnicos Municipais.

### **DISPOSICIÓN DÉCIMA. SOLICITUDES**

#### **Artigo 23.**

Poderán solicitar autorización de uso de espazos privativos das instalacións culturais:

- a) aquelas organizacións non lucrativas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións ca súa documentación actualizada, que desenvolvan actividades dentro do termo municipal.
- b) grupos de veciños/as censados no concello de Vedra cunha finalidade concreta (grupos musicais, etc.)

#### **Artigo 24.**

A solicitude realizarase por escrito no modelo que se achega no Anexo 2 destas bases, argumentando o motivo da petición e indicando a preferencia motivada da localización do despacho indicando a disposición ou non a compartir o espazo con outra asociación.

#### **Artigo 25.**

No caso de que os solicitantes estean incluídos no suposto 23b, deberán acompañar ademais a seguinte documentación.

- DNI ou CIF da persoa representante ou fotocopia compulsada;
- Uso que se lle quere da ó local e xustificación da súa necesidade.

#### **Artigo 26.**

A concesión será automática cando exista disposición de locais. Cando existan máis solicitudes que locais os criterios de cesión serán os seguintes:

- 1º.- Asociación rexistrada no Concello
- 2º.- Ámbito de actuación parroquial para o uso de locais dunha determinada parroquia.
- 3º.- Orde de entrada da solicitude no Rexistro Xeral.

### **DISPOSICIÓN DÉCIMO PRIMEIRA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

#### **Artigo 27.**

O Concello de Vedra respectará as cesións de uso actualmente concedidas ás ; dará o prazo de tres meses ás mesmas para actualizar os seus datos no inspeccionar o uso ou non dos locais actuais.

Transcorrido estes tres meses, o Concello fará pública unha relación cos locais abrirá o prazo de un mes máis para a presentación de solicitudes por parte



interesado. En caso de haber máis solicitudes que locais, e só nesta ocasión, o Concello aplicará o seguinte baremo para a adxudicación:

- a) Número de socios. Ata 6 puntos
- b) Traxectoria e antigüidade da entidade. Ata 6 puntos
- c) Ámbito da entidade. Ata 6 puntos.
- d) Valoración última memoria presentada. Ata un máximo de 6 puntos.
- e) Valoración do proxecto de actividades para o ano seguinte. Ata 6 puntos.

Nesta baremación só entrarán as asociacións rexistradas no RMA, que teñen prioridade absoluta sobre colectivos non rexistrados.

Artigo 28.

A comisión de valoración estará composta por:

- Presidente/a: O Alcalde ou concelleiro en quén delegue.
- Un concelleiro/a de cada grupo político representado na Corporación
- O/A técnico ou funcionario do servizo de Cultura.
- Secretario: Actuará como secretario un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto

#### **ANEXO I. RELACIÓN DE LOCAIS AFECTADOS POR ESTAS BASES**

San Fins: Local Social da Escola

Illobre: Local Social sito no Campo da Festa

Trobe: "Casa da Fábrica"

San Miguel: Casa de Cultura

Merín: Local Social do Campo da Festa

Sta Cruz: Casa da Cultura e Casa da Antiga Cámara Agraria

Ponte Ulla: Antiga Escola e Reitoral

Quedan excluídas destas bases os Salóns de Actos da Casa da 3ª Idade, da Casa de Cultura de San Xián, da Casa de Cultura de Sta Cruz e da Casa de Cultura de San Miguel, para os que, cando se trate de solicitudes para organizar actos ou actividades, se establecen requisitos específicos.



## ANEXO II. MODELO DE SOLICITUDE

-Don/a \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_ (ou) CIF \_\_\_\_\_ en representación propia ≤ (ou) ≤ da Entidade \_\_\_\_\_ que figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociación (RMA) co nº \_\_\_\_\_

-Solicita:

O local ≤ (ou) oficina ≤ sito/a en, (sinálese o lugar, nome do local ou identificación da oficina ou despacho) \_\_\_\_\_, parroquia de \_\_\_\_\_ ao obxecto de levar a cabo a seguinte actividade

\_\_\_\_\_;

Sinálese o que proceda:

≤ A actividade é de carácter: Eventual; neste caso a data de comezo é o \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ e a data de remate é o \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

≤ A actividade é de carácter: Permanente; neste caso a data de comezo é o \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ e esténdese por un ano natural renovable, agás denuncia expresa dunha das partes.

(neste caso será requisito inexcusable subscribir, con carácter previo, a póliza de responsabilidade civil establecida no artigo 16 do presente Regulamento)

-O solicitante declara expresamente que coñece as presentes bases reguladoras de uso dos locais públicos municipais e que se somete ás obrigas que as mesmas establecen.

Vedra, a de de 20\_\_\_

Sinatura do solicitante:"

Vedra, 10 de novembro de 2008

O ALCALDE

Asdo. Odón C. Cobas García

